

---

## INSTRUCCIÓN INTERNAS DE CONTRATACIÓN DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

---

<b>Fundación Centro Tecnolóxico da Carne</b>	<b>REVISADO</b>	<b>INFORME XURÍDICO</b>	<b>APROBADO</b>
<b>ÓRGANO</b>	Director Xerente	Asesoría Xurídica	Padroado
<b>DATA</b>	26/11/2012	12/12/2012	28/12/2012
<b>DATA</b>	15/06/2016	29/06/2016	30/06/2016
<b>DATA</b>	21/06/2018	26/06/2018	27/06/2018
<b>DATA</b>	10/12/2018	11/12/2018	12/12/2018

**ÍNDICE**

**TÍTULO PRELIMINAR.....5**  
 Artigo 1. Condición de poder adxudicador da Fundación ..... 5

**TÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN .....6**  
 Artigo 2. - Obxecto e finalidade ..... 6  
 Artigo 3.- Ámbito de aplicación ..... 6  
 Artigo 4.- Negocios e contratos excluídos..... 6

**TÍTULO II.- CUALIFICACIÓN DOS CONTRATOS E RÉXIME XURÍDICO .....7**  
 Artigo 5.- Cualificación dos contratos ..... 7  
 Artigo 6.- Contratos suxeitos a unha regulación harmonizada ..... 7  
 Artigo 7.- Carácter privado dos contratos..... 7  
 Artigo 8.- Xurisdición competente ..... 7

**TÍTULO III. CONFIGURACIÓN XERAL DA CONTRATACIÓN DO PODER  
 ADXUDICADOR E ELEMENTOS ESTRUCTURAIS DOS CONTRATOS ..... 8**

**CAPÍTULO I. Disposicións xerais sobre a contratación ..... 8**  
 Artigo 9.- Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación ..... 8  
 Artigo 10.- Prazo de duración dos contratos e de execución da prestación..... 8  
 Artigo 11.- Liberdade de pactos..... 9  
 Artigo 12.- Contido mínimo do contrato ..... 9  
 Artigo 13.- Perfección dos contratos ..... 10  
 Artigo 14.- Carácter formal da contratación ..... 10  
 Artigo 15.- Remisión de información ..... 11  
 Artigo 16.- Réxime de invalidez..... 11  
 Artigo 17.- Recurso especial en materia de contratación e medidas provisionais..... 11

**CAPÍTULO II.- Partes no contrato ..... 11**  
 Artigo 18.- Competencia para contratar..... 11  
 Artigo 19.- Responsable do contrato ..... 11  
 Artigo 20.- Perfil do contratante ..... 12  
 Artigo 21.- Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses ..... 12

C.F. G. 32273427/ Registro Unico de Fundacións de Interese Galego Nº 200323



*[Handwritten signature]*

Artigo 22.- Capacidade e solvencia do empresario .....	13
<b>CAPÍTULO III.- Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión.....</b>	<b>13</b>
Artigo 23.- Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión .....	13
<b>CAPÍTULO IV.- As garantías na contratación .....</b>	<b>13</b>
Artigo 24.- Esixencia das garantías .....	13
<b>TÍTULO IV.- PREPARACIÓN DOS CONTRATOS .....</b>	<b>14</b>
Artigo 25.- Réxime xurídico .....	14
Artigo 26.- Expediente de contratación .....	14
Artigo 27. Expediente de contratación en contratos menores .....	15
Artigo 28.- Regras aplicables nos casos de tramitación urxente e de emerxencia ....	16
Artigo 29.- Regras especiais aplicables ás actuacións preparatorias do contrato de obras .....	16
<b>TÍTULO V. SELECCIÓN DO CONTRATISTA E ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS.....</b>	<b>17</b>
Artigo 30. Adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada .....	17
Artigo 31. Adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada .....	17
Artigo 32.- Órganos de asistencia .....	17
Artigo 33.- Formalización do contrato.....	18
<b>TÍTULO VI. RACIONALIZACIÓN TÉCNICA DA CONTRATACIÓN.....</b>	<b>18</b>
Artigo 34.- Sistemas para a racionalización da contratación.....	18
Artigo 35.- Acordos marco .....	19
Artigo 36.- Sistemas dinámicos de adquisición.....	19
Artigo 37.- Centrais de contratación.....	19
<b>TÍTULO VII. EFECTOS, CUMPRIMENTO E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS</b>	<b>19</b>
<b>CAPÍTULO I. Normas xerais .....</b>	<b>19</b>
Artigo 38.- Réxime xurídico .....	19
<b>CAPÍTULO II. Execución dos contratos .....</b>	<b>19</b>
Artigo 39.- Incumprimento parcial, cumprimento defectuoso ou demora na execución..	19
Artigo 40.- Resolución por demora e ampliación do prazo de execución dos contratos...	20
Artigo 41.- Indemnización de danos e prexuízos.....	20
Artigo 42.- Principio de risco e ventura.....	20
Artigo 43.- Pagamento do prezo .....	20

CIF: G 2227427 Registro Único de Funcionarios da Inves. Selugo N.º 230326




Artigo 44.- Transmisión dos dereitos de cobramento .....	21
Artigo 45. Obrigas en materia medioambiental, social ou laboral .....	21
Artigo 46. Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou doutra orde .....	21
CAPÍTULO III. Modificación dos contratos .....	21
Artigo 47.- Modificacións dos contratos .....	21
CAPÍTULO IV. Extinción dos contratos .....	22
Artigo 48.- Cumprimento dos contratos e recepción da prestación .....	22
Artigo 49.- Causas de resolución dos contratos .....	22
Artigo 50.- Aplicación das causas de resolución .....	22
Artigo 51.- Efectos da resolución .....	23
CAPÍTULO V. Cesión dos contratos e subcontratación .....	23
Artigo 52.- Cesión dos contratos e subcontratación .....	23
TÍTULO VIII. NORMAS ESPECIAIS PARA CONTRATOS DE OBRAS, SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS .....	23
CAPÍTULO I. Contrato de obras .....	23
Artigo 53.- Réxime aplicable ao contrato de obras .....	23
CAPÍTULO II. Contrato de subministración .....	23
Artigo 54.- Réxime aplicable ao contrato de subministración .....	23
CAPÍTULO III. Contrato de servizos .....	24
Artigo 55.- Réxime aplicable ao contrato de servizos .....	24

CIF: G 32275427 Registro Unico de Fundacione de Interese Social Nº 2002/28



## INSTRUCCIÓNS INTERNAS DE CONTRATACIÓN

### TÍTULO PRELIMINAR

#### Artigo 1. Condición de poder adxudicador da Fundación

A Fundación Centro Tecnolóxico da Carne é unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, dependente da Consellería do Medio Rural, constituída ao abeiro do artigo 34, apartado primeiro, da Constitución Española, provista co C.I.F.: G-32.273.427 e inscrita o 5 de novembro de 2003 no Rexistro Público de Fundacións de Interese Galego, número de inscrición: 2003/28, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia, na Avenida Galicia, num. 4, Código Postal: 32900, San Cibrao das Viñas, provincia de Ourense.

A Fundación ten entre os seus fins o desenvolvemento tecnolóxico das empresas galegas relacionadas co sector cárnico en todos os seus eidos de actividade e en todas as cabanas existentes e, en particular:

1. Fomentar a investigación e o desenvolvemento na materia cárnica.
2. Mellorar as técnicas de xestión produtiva.
3. Coordinar a correcta utilización de todos os medios tecnolóxicos existentes en Galicia.
4. Asistir ao sector nos procesos de adaptación legislativa.
5. Atender á formación dos recursos humanos.

Para conseguir os seus fins a fundación poderá:

- a) Establecer as estruturas organizativas que fosen pertinentes
- b) Prestar os servizos oportunos.
- c) Facilitar intercambios de información mutua.
- d) Promover estudos e publicacións.
- e) Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oído na elaboración de normativa legal ou regulamentaria que lles afecte aos sectores aos que se refiren os estatutos da Fundación
- f) Calquera outra que afecte ou incida nos fins anteriormente establecidos.

A Fundación Centro Tecnolóxico da Carne ten a condición de poder adxudicador de conformidade co disposto no artigo 3, apartado terceiro, letra b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico española as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP).



## TÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

### Artigo 2. - Obxecto e finalidade

A disposición transitoria quinta da LCSP contén un mandato de adaptación das instrucións internas de contratación á nova regulación.

No actual contexto normativo en materia de contratación do sector público o obxecto e a finalidade das instrucións internas de contratación de entidades que, como a Fundación, teñen a condición de poder adxudicador, é substancialmente diferente dos que aquelas tiñan baixo o réxime anterior.

Así, conforme ao artigo 316 da LCSP os contratos dos poderes adxudicadores que non teñan a condición de Administracións Públicas rexeranse polas normas do título I do libro terceiro da dita lei (artigos 316 a 320); normas que recollen o réxime xurídico aplicable tanto á preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada como á adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada, así como aos efectos e extinción e á responsabilidade do contratista por defectos ou erros no proxecto.

En consecuencia, as presentes instrucións teñen un alcance e unha eficacia meramente internos e organizativos, sen que a súa aprobación desprace a aplicación obrigatoria dos correspondentes preceptos legais.

Así, as presentes instrucións, respectando sempre os preceptos aplicables da LCSP, serán de obrigado cumprimento no ámbito interno, poñéndose a disposición de todas as persoas interesadas no perfil do contratante dispoñible na páxina web da Fundación, [www.ceteca.net](http://www.ceteca.net).

### Artigo 3.- Ámbito de aplicación

Están sometidos ás presentes instrucións, na forma e nos termos previstos nesta, os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que celebre o poder adxudicador.

Conforme ao artigo 2.1 da LCSP un contrato ten carácter oneroso nos casos nos que o contratista obteña algún tipo de beneficio económico, xa sexa de forma directa ou indirecta.

### Artigo 4.- Negocios e contratos excluídos

Están excluídos do ámbito das presentes instrucións as relacións xurídicas, os negocios e os contratos recollidos na sección 2ª do capítulo I do título preliminar da LCSP, na medida en que sexan aplicables ao poder adxudicador. Conforme ao artigo 4 da LCSP estas relacións xurídicas, negocios e contratos rexeranse polas súas normas especiais, sendo de



aplicación os principios da LCSP para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

## TÍTULO II.- CUALIFICACIÓN DOS CONTRATOS E RÉXIME XURÍDICO

### Artigo 5.- Cualificación dos contratos

Os contratos de obras, subministración e servizos que celebre o poder adxudicador cualificaranse de acordo coa LCSP. Os restantes contratos cualificaranse segundo as normas de dereito privado.

### Artigo 6.- Contratos suxeitos a unha regulación harmonizada

Son contratos suxeitos a regulación harmonizada os delimitados na sección 2ª do capítulo II do título preliminar da LCSP (artigos 19 a 23).

### Artigo 7.- Carácter privado dos contratos

De conformidade co artigo 26 da LCSP, os contratos celebrados polo poder adxudicador terán a consideración de contratos privados e rexeranse polo disposto no título I do libro terceiro da dita lei, en cuanto á súa preparación e adxudicación.

En canto aos seus efectos e extinción lles serán aplicables as normas de dereito privado, e aquelas normas ás que se refire o parágrafo primeiro do artigo 319 da LCSP en materia medioambiental, social ou laboral, de condicións especiais de execución, de modificación do contrato, de cesión e subcontratación, de racionalización técnica da contratación; e a causa de resolución do contrato referida á imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205 da LCSP.

### Artigo 8.- Xurisdición competente

Conforme ao artigo 27 da LCSP, serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa as cuestións referidas á preparación, adxudicación e modificacións contractuais, cando a impugnación destas últimas se basee no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP, cando se entenda que a dita modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que se susciten entre as partes en relación cos efectos e extinción dos contratos que celebre a Fundación, con excepción das modificacións contractuais citadas no parágrafo anterior.



### TÍTULO III. CONFIGURACIÓN XERAL DA CONTRATACIÓN DO PODER ADXUDICADOR E ELEMENTOS ESTRUTURAIS DOS CONTRATOS

#### CAPÍTULO I. Disposicións xerais sobre a contratación

##### Artigo 9.- Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación

O poder adxudicador, de acordo co artigo 28 da LCSP, non poderá celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación. Esta documentación preparatoria dos contratos designarase nas presentes instrucións como "*expediente de contratación*".

O poder adxudicador velará pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerá a axilización de trámites, valorará a incorporación de consideracións sociais, medioambientais e de innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

##### Artigo 10.- Prazo de duración dos contratos e de execución da prestación

Conforme ao artigo 29 da LCSP, a duración dos contratos deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización das mesmas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas nos termos e cos límites previstos no artigo 29.2 LCSP.

Cando se produza demora na execución da prestación por parte do empresario, o órgano de contratación poderá conceder unha ampliación do prazo de execución, sen prexuízo das penalidades que no seu caso procedan.

Serán aplicables as previsións relativas a determinados contratos previstas no artigo 29 da LCSP.





### Artigo 11.- Liberdade de pactos

Nos contratos do poder adjudicador poderán incluírse calquera pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, de acordo co artigo 34.1 da LCSP.

Conforme ao artigo 34.2 da LCSP só poderán fusionarse prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto cando esas prestacións se atopen directamente vinculadas entre si e manteñan relacións de complementariedade que esixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin institucional propio da entidade contratante.

### Artigo 12.- Contido mínimo do contrato

De acordo co artigo 35 da LCSP, salvo que xa se atopen recollidas nos pregos de contratación, os documentos nos que se formalicen os contratos que celebre o poder adjudicador deben incluír, necesariamente, as seguintes mencións:

1. A identificación das partes.
2. A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato.
3. Definición do obxecto e tipo do contrato, tendo en conta na definición do obxecto as consideracións sociais, ambientais e de innovación.
4. Referencia á lexislación aplicable ao contrato.
5. A enumeración dos documentos que integran o contrato. Se así se expresase no contrato, esta enumeración poderá estar xerarquizada, ordenándose segundo a orde de prioridade acordada polas partes, no suposto da cal, e salvo caso de erro manifesto, a orde pactada utilizarase para determinar a prevalencia respectiva, en caso de que existan contradicións entre diversos documentos.
6. O prezo certo, ou o modo de determinalo.
7. A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.
8. As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
9. As condicións de pagamento.
10. As condicións nas que procede a modificación, no seu caso



11. Os supostos en que procede a resolución.
12. O proxecto ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso.
13. A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.
14. A obriga da empresa contratista de cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación.  
O documento contractual non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigas para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, na forma que resulte da proposición do adxudicatario, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato de acordo co actuado no procedemento, de non existir aqueles.

### Artigo 13.- Perfección dos contratos

De acordo do artigo 36 da LCSP, os contratos que celebre o poder adxudicador, a excepción dos contratos menores e dos contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, se perfeccionan coa súa formalización.

Os contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición se perfeccionan coa súa adxudicación.

Salvo que se indique outra cousa no seu clausulado, os contratos do poder adxudicador entenderanse celebrados no lugar onde se atope a sede do órgano de contratación.

### Artigo 14.- Carácter formal da contratación

O poder adxudicador non poderá contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia, conforme ao sinalado no artigo 120.1 da LCSP.

Os contratos formalizaranse en documento privado, sen prexuízo do sinalado para os contratos menores nas presentes instrucións.

Os contratos que sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 44 da LCSP deberán formalizarse nos prazos establecidos no artigo 153 da LCSP.



#### **Artigo 15.- Remisión de información**

Cumprirase coa obriga de remisión de información contida no artigo 335 da LCSP.

#### **Artigo 16.- Réxime de invalidez**

Será de aplicación aos contratos celebrados polo poder adxudicador o disposto nos artigos 38 e seguintes da LCSP en canto ao seu réxime de invalidez e revisión de oficio. Os pregos de contratación destes contratos recollerán a remisión a este réxime.

#### **Artigo 17.- Recurso especial en materia de contratación e medidas provisionais.**

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os actos e decisións relacionados no apartado 2 do artigo 44 da LCSP cando se refiran a contratos do apartado 1 do dito precepto legal que pretenda concertar o poder adxudicador.

Nestes casos será de aplicación o réxime previsto nos artigos 44 e seguintes da LCSP sobre o recurso especial en materia de contratación e medidas provisionais.

Aquelas actuacións realizadas polo poder adxudicador nos procedementos de adxudicación de contratos que non reúnan os requisitos do apartado 1 do artigo 44 da LCSP impugnanse en vía administrativa de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, nos termos previstos no artigo 44.6 da LCSP.

### **CAPÍTULO II.- Partes no contrato**

#### **Artigo 18.- Competencia para contratar**

A representación da Fundación en materia contractual corresponde ao Padroado da mesma, en base ao disposto no artigo 61 da LCSP posto en relación cos estatutos da Fundación.

O Padroado poderá delegar as súas competencias e facultades nesta materia con cumprimento das normas e formalidades para o outorgamento de poderes.

#### **Artigo 19.- Responsable do contrato**

O órgano de contratación deberá designar un responsable do contrato de acordo co disposto no artigo 62 da LCSP.



## Artigo 20.- Perfil do contratante

Co obxecto de asegurar a transparencia e o acceso público á información e documentos relativos á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade adicionais nos casos esixidos pola LCSP ou polas normas autonómicas de aplicación ou nos que así se decida voluntariamente, o poder adxudicador difundirá exclusivamente a través da internet o seu perfil do contratante.

A forma de acceso ao perfil do contratante deberá especificarse na páxina Web <http://www.ceteca.net/> que manteña o poder adxudicador, na Plataforma de Contratación Pública de Galicia (na súa páxina web: <http://www.contratosdegalicia.es/>), nos pregos de condicións e documentos equivalentes e nos anuncios de licitación en todos os casos.

O acceso á información do perfil do contratante axustarase ao previsto no artigo 63.1 da LCSP.

O perfil do contratante poderá incluír calquera datos e documentos referentes á actividade contractual do órgano de contratación. En todo caso deberá conter a información esixida no artigo 63 da LCSP nos termos previstos no dito precepto.

O sistema informático que soporte o perfil do contratante contará cun dispositivo que permita acreditar fidedignamente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa neste.

## Artigo 21.- Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses

De conformidade co artigo 64 da LCSP o órgano de contratación deberá tomar as medidas axeitadas para loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de tratamento a todos os candidatos e licitadores.

O concepto de conflito de intereses abranguerá, polo menos, calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación.

O persoal ao servizo da Fundación así como calquera outra persoa ou entidade que teña coñecemento dun posible conflito de interese deberán poñelo inmediateamente en coñecemento do órgano de contratación.



#### **Artigo 22.- Capacidade e solvencia do empresario**

En relación coa capacidade e solvencia do empresario deberase estar ao disposto no capítulo II do título II do libro primeiro da LCSP.

#### **CAPÍTULO III.- Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión**

#### **Artigo 23.- Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión**

En materia de obxecto do contrato, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e revisión de prezos dos contratos son de aplicación as previsións do título III do libro primeiro da LCSP.

#### **CAPÍTULO IV.- As garantías na contratación**

#### **Artigo 24.- Esixencia das garantías**

Nos pregos de condicións establecerase que os licitadores que presenten as mellores ofertas deberán constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva dun 5 por 100 do prezo final ofertado por aqueles, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. No caso dos contratos con prezos provisionais a que se refire o artigo 102.7 da LCSP, a porcentaxe calcularase con referencia ao prezo máximo fixado, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. Cando o prezo do contrato se formule en función de prezos unitarios, o importe da garantía a constituír fixarase atendendo ao presuposto base de licitación, IVA excluído.

Non obstante, atendidas as circunstancias concorrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir ao adxudicatario da obriga de constituír garantía definitiva, xustificándoo axeitadamente nos pregos.

En casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer no prego de condicións que, ademais da garantía aludida, se preste unha complementaria de ata un 5 por 100 do prezo final ofertado polo licitador que presentou a mellor oferta, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, podendo chegar a garantía total ata un 10 por 100 do citado prezo.

A estes efectos se considerará que constitúen casos especiais aqueles contratos nos que, debido ao risco que en virtude deles asume o órgano de contratación, pola súa especial natureza, réxime de pagamentos ou condicións do cumprimento do contrato, resulte aconsellable incrementar a porcentaxe da garantía definitiva ordinaria a que se refire o



primeiro parágrafo, o que deberá motivarse no expediente. En particular, poderase prever a presentación desta garantía complementaria para os casos nos que a oferta do adxudicatario resultara inicialmente incurso en presunción de anormalidade.

O réxime de devolución ou cancelación das garantías serán os establecidos polo órgano de contratación nos pregos, de acordo co previsto no artigo 111 da LCSP.

Cando se esixan as garantías, estas poderán presentarse nalgunha das formas previstas no artigo 108 da LCSP, sen que resulte necesaria a súa constitución na Caixa Xeral de Depósitos.

## TÍTULO IV.- PREPARACIÓN DOS CONTRATOS

### Artigo 25.- Réxime xurídico

A preparación dos contratos que celebre a Fundación rexeráse polas normas establecidas na sección 1ª do capítulo I do título I do libro II da LCSP.

### Artigo 26.- Expediente de contratación

1. A celebración de contratos pola Fundación requirirá a previa tramitación do correspondente expediente.

O expediente deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no apartado 7 do artigo 99 da LCSP para os contratos adxudicados por lotes.

2. Corresponderá á Xcendencia da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, previa proposta da correspondente área de xestión da fundación, a competencia para iniciar o expediente de contratación, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da LCSP e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

3. Ao expediente incorporárase a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa na que se determine a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas e os restantes extremos esixidos no artigo 116.4 da LCSP.

Esta Memoria emitírase polo responsable técnico que teña a necesidade que se pretende satisfacer coa contratación.

b) Xustificación da existencia de crédito orzamentario suficiente e axeitado, mencionando o crédito orzamentario ou o proxecto ou rúbrica contable con cargo á que se aboará o prezo e, no seu caso, incorporación do certificado de crédito ou documento que legalmente o



substitúa.

c) Pregos de condicións xurídicas e técnicas que rexerán o contrato. Na redacción dos ditos pregos teranse en conta as previsións contidas nos artigos 122 e seguintes da LCSP, na Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e na restante normativa de aplicación.

d) Os pregos de condicións serán obxecto de informe xurídico, que se incorporará ao expediente, non sendo preceptivo se os pregos se axustan a un modelo de prego de condicións para determinadas categorías de contratos de natureza análoga que xa conte co informe xurídico correspondente.

4. Completado o expediente de contratación, o órgano de contratación ditará resolución motivada aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.

#### **Artigo 27. Expediente de contratación en contratos menores**

O poder adxudicador poderá concluír contratos menores, segundo o disposto no artigo 118 da LCSP.

Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministro ou de servizos.

De acordo coa disposición adicional quincuaxésima cuarta da LCSP, como excepción ao límite previsto no artigo 118 da dita lei, terán en todo caso a consideración de contratos menores os contratos de subministración ou de servizos de valor estimado inferior ou igual a 50.000 euros que se celebren pola Fundación, sempre que non vaian destinados a servizos xerais e de infraestrutura do órgano de contratación.

Conforme ao artigo 29.8 da LCSP, estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

De acordo co artigo 318 a) da LCSP, estes contratos poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación obxecto do contrato, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 da LCSP.

En concreto, a tramitación do expediente axustarase ás seguintes regras:

1. Informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato, non sendo necesaria a aprobación de pregos de condicións.

No dito informe deberá incluírse tamén a xustificación esixida no artigo 118.3 da LCSP.

Así mesmo, no informe deberá facerse alusión ao crédito orzamentario ou ao proxecto ou rubrica contable con cargo á que se aboará o prezo, no seu caso.



Para os contratos de servizos ou subministración de valor estimado inferior a doce mil (12.000) euros e para os contratos de obra de valor estimado inferior a quince mil (15.000) euros, esta memoria poderá ter un contido sumario, aínda que en todo caso suficiente, atendidas as circunstancias do caso e especialmente a súa contía, mentres que, cando o valor estimado sexa superior ou cando así o establezan as directrices comunitarias en relación con proxectos financiados con fondos europeos, solicitaranse ademais tres (3) ofertas alternativas.

2. No caso do contrato menor de obras, aprobación do orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran.

Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. Aprobación do gasto polo órgano de contratación.
4. Adxudicación directa a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
5. A existencia dos contratos menores acreditarase cos documentos aos que se refire o artigo 118 da LCSP. Non será precisa a formalización por escrito do contrato nin o cumprimento do contido mínimo recollido no artigo 12 das presentes instrucións, salvo nos contratos que presenten certa complexidade ou contía, en que se requirirá a formalización e a constancia por escrito dos pactos e condicións.
6. Incorporación ao expediente da factura correspondente
7. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4 da LCSP.

#### **Artigo 28.- Regras aplicables nos casos de tramitación urxente e de emerxencia**

Serán de aplicación os artigos 119 e 120 da LCSP nos casos de tramitación urxente e de emerxencia, respectivamente.

#### **Artigo 29.- Regras especiais aplicables ás actuacións preparatorias do contrato de obras**

Nos supostos de contratos de obra será preceptivo o cumprimento do disposto nos artigos 231 e seguintes da LCSP.






## TÍTULO V. SELECCIÓN DO CONTRATISTA E ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS

### Artigo 30. Adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada

De acordo co artigo 317 da LCSP, a adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada rexerá polas normas establecidas na sección 2ª do capítulo I do título I do libro II da LCSP.

### Artigo 31. Adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada

Conforme ao artigo 318 da LCSP, na adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada aplicaranse as seguintes regras:

a) No caso de contratos menores, poderá adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación obxecto do contrato, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 da LCSP e co disposto no artigo 27 das presentes instrucións.

b) Os restantes contratos non suxeitos a regulación harmonizada poderanse adxudicar por calquera dos procedementos previstos na sección 2.ª do capítulo I do título I do libro segundo da LCSP, con excepción do procedemento negociado sen publicidade, que unicamente se poderá utilizar nos casos previstos no artigo 168 da LCSP.

Nos casos previstos nesta letra b), na adxudicación dos contratos respectaranse as normas xerais en materia de adxudicación contidas na subsección 1ª da sección 2.ª do capítulo I do título I do libro segundo da LCSP, tendo en conta o procedemento de adxudicación que se siga e o carácter de contratos non suxeitos a regulación harmonizada.

### Artigo 32.- Órganos de asistencia

#### 1. Mesa de contratación

Constituirase unha mesa de contratación nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación.

Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncio de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación, salvo cando se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia prevista na letra b)1º do artigo 168 da LCSP, en que será obrigatoria a constitución da mesa. Nos procedementos aos que se refire o artigo 159.6 da LCSP será igualmente potestativa a constitución da mesa.



A mesa estará constituída por presidente, vogais e secretario, nomeados polo órgano de contratación. Nos pregos de condicións indicarase a súa composición, así como o seu réxime de actuacións.

## 2. Colaboración de técnicos

Nos casos en que o órgano de contratación o estime conveniente, máxime cando a avaliación das ofertas deba facerse mediante criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, poderá encomendar esta avaliación a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.

### Artigo 33.- Formalización do contrato

Con carácter previo á formalización do contrato, o órgano de contratación comunicará o gasto á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, remitindo o extracto do expediente de contratación.

A formalización do contrato farase en documento privado no prazo establecido nos pregos de condicións respectando as previsións da LCSP.

O contrato poderá elevarse a escritura pública, asumindo o custo a parte que o solicitara.

No prego farase constar que cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado se lle esixirá o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVA excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se tivese constituído, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP. Neste caso, o contrato se adxudicará ao seguinte licitador pola orde na que tiveran quedado clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida no apartado 2 do artigo 150 da LCSP.

O contrato que se formalice axustarase ao disposto no artigo 12 das presentes instrucións. No caso de contratos menores a súa existencia acreditarase cos documentos aos que se refire o artigo 118 da LCSP.

## TÍTULO VI. RACIONALIZACIÓN TÉCNICA DA CONTRATACIÓN

### Artigo 34.- Sistemas para a racionalización da contratación

Para racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos, o poder adxudicador poderá concluír acordos marco, articular sistemas dinámicos, ou centralizar a contratación de obras, servizos e subministracións en servizos especializados.

Os sistemas para a racionalización da contratación deberán axustarse ás disposicións do capítulo II, do título I, do libro segundo da LCSP.



Fundación Centro Tecnolóxico da Carne

www.galicia.4 Parque Tecnolóxico de Galicia San Cibrao das Viñas 32900 Ourense  
T: 988 548 277 • F: 988 548 276 www.ctecsa.net • info@ctecsa.net

#### **Artigo 35.- Acordos marco**

Será aplicable a regulación establecida nos artigos 219 e seguintes da LCSP.

#### **Artigo 36.- Sistemas dinámicos de adquisición**

Será aplicable a regulación establecida nos artigos 223 e seguintes da LCSP.

#### **Artigo 37.- Centrais de contratación**

O poder adxudicador poderá adherirse aos sistemas de contratación centralizada doutras entidades do sector público a través da conclusión do correspondente acordo na forma prevista nos artigos 227 e seguintes da LCSP.

### **TÍTULO VII. EFECTOS, CUMPRIMENTO E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS**

#### **CAPÍTULO I. Normas xerais**

##### **Artigo 38.- Réxime xurídico**

Os efectos e a extinción dos contratos celebrados polo poder adxudicador, como contratos privados, rexeranse polas normas de dereito privado e polos pregos de condicións xurídicas e técnicas, así como polos preceptos da LCSP previstos no artigo 319 da dita lei.

#### **CAPÍTULO II. Execución dos contratos**

##### **Artigo 39.- Incumprimento parcial, cumprimento defectuoso ou demora na execución**

Os pregos ou o documento descritivo poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso ou incumprimento parcial nos termos do artigo 192 da LCSP.

Establecerase nos pregos que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte do poder adxudicador.

Nos pregos recollerase o réxime previsto no artigo 193 da LCSP para o caso de demora na execución.



As penalidades previstas neste artigo imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se tivese constituído, cando non se poidan deducir dos mencionados pagamentos.

#### **Artigo 40.- Resolución por demora e ampliación do prazo de execución dos contratos**

No caso de que se optase pola resolución do contrato por demora do contratista, a dita resolución deberá acordarse polo órgano de contratación, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do contratista.

Se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos se se amplía o prazo inicial de execución concederáselle polo poder adxudicador dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor. O responsable do contrato emitirá un informe no que se determine se o retraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

#### **Artigo 41.- Indemnización de danos e prexuízos**

Establecerase nos pregos que será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do poder adxudicador, será este responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será o poder adxudicador responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por el mesmo no contrato de obras ou no de subministración de fabricación.

#### **Artigo 42.- Principio de risco e ventura**

Establecerase nos pregos que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido para o contrato de obras no artigo 239 da LCSP.

#### **Artigo 43.- Pagamento do prezo**

O contratista terá dereito ao abono do prezo convindo pola prestación realizada nos termos establecidos no contrato.

Nos pregos recollerase un réxime de pagamento similar ao previsto no artigo 198 da LCSP, sendo en todo caso de aplicación, por imperativo do artigo 319 da LCSP, as condicións de pagamento establecidas no número 4º do artigo 198 da LCSP.



#### **Artigo 44.- Transmisión dos dereitos de cobramento**

Os contratistas que teñan dereito de cobramento fronte ao poder adxudicador, poderán ceder o mesmo conforme a Dereito. Establecerase nos pregos que para que a cesión do dereito de cobramento sexa efectiva fronte ao poder adxudicador, será requisito imprescindible a notificación fidedigna a este do acordo de cesión.

#### **Artigo 45. Obrigas en materia medioambiental, social ou laboral**

Conforme ao artigo 201 da LCSP (aplicable á Fundación en virtude do artigo 319 do mesmo texto legal), o órgano de contratación tomará as medidas pertinentes para garantir que na execución dos contratos os contratistas cumpren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional medioambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas no anexo V da LCSP.

O indicado no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da facultade do órgano de contratación de tomar as oportunas medidas para comprobar, durante o procedemento de licitación, que os candidatos e licitadores cumpren as obrigas á que se refire o citado parágrafo.

O incumprimento das obrigas referidas no primeiro parágrafo e, en especial, os incumprimentos ou os retrasos reiterados no pagamento dos salarios ou a aplicación de condicións salariais inferiores ás derivadas dos convenios colectivos que sexa grave e dolosa, dará lugar á imposición das penalidades a que se refire o artigo 192 da LCSP.

#### **Artigo 46. Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou doutra orde**

Por imperativo do artigo 319 da LCSP, será de aplicación o disposto no artigo 202 da LCSP en relación co establecemento de condicións especiais de execución do contrato.

### **CAPÍTULO III. Modificación dos contratos**

#### **Artigo 47.- Modificacións dos contratos**

Como prescribe o artigo 319 da LCSP, será de aplicación o réxime de modificación dos contratos previsto nos artigos 203 a 205 da LCSP.

Ademais, conforme ao artigo 319 da LCSP, nos casos nos que a modificación do contrato non estivera prevista no prego, sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros e a contía da modificación, illada ou conxuntamente, fora superior a un 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVA excluído, será necesaria a autorización do órgano da administración autonómica ao que estea adscrita ou corresponda a tutela da Fundación,



previo ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.

#### **CAPÍTULO IV. Extinción dos contratos**

##### **Artigo 48.- Cumprimento dos contratos e recepción da prestación**

Os pregos establecerán que o contrato se entenderá cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos seus termos e a satisfacción da Fundación, a totalidade da prestación.

Así mesmo, establecerase nos pregos que, en todo caso, a súa constatación esixirá por parte do poder adjudicador un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do prazo dun (1) mes a contar dende a data de entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine nos pregos por razón das súas características.

Nos pregos e nos contratos fixarase un prazo de garantía a contar dende a data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte do poder adjudicador, salvo os supostos en que se estableza outro prazo nas normas aplicables, quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Exceptúanse do prazo de garantía aqueles contratos en que pola súa natureza ou características non resulte necesario, o que deberá xustificarse debidamente no expediente de contratación, consignándoo expresamente no prego.

Conforme ao artigo 210.4 da LCSP (de aplicación á Fundación por imperativo do artigo 319 da LCSP), agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 243 da LCSP, dentro do prazo de trinta días a contar desde a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse no seu caso e cando a natureza do contrato o esixa, e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato, e aboárselle, no seu caso, o saldo resultante. Non obstante, se a Fundación recibe a factura con posterioridade á data na que teña lugar a dita recepción, o prazo de trinta días contarase desde a súa correcta presentación polo contratista no rexistro correspondente nos termos establecidos na normativa vixente en materia de factura electrónica. Se se producira demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

##### **Artigo 49.- Causas de resolución dos contratos**

Estableceranse nos pregos como causas de resolución do contrato as sinaladas no artigo 211 da LCSP.

##### **Artigo 50.- Aplicación das causas de resolución**

Nos pregos establececese o réxime de aplicación das causas de resolución previsto no artigo 212 da LCSP.



### **Artigo 51.- Efectos da resolución**

En relación cos efectos da resolución, nos pregos establecerase un réxime similar ao previsto no artigo 213 da LCSP.

## **CAPÍTULO V. Cesión dos contratos e subcontratación**

### **Artigo 52.-Cesión dos contratos e subcontratación**

Conforme ao disposto no artigo 319 da LCSP, será aplicable o réxime de cesión de contratos e de subcontratación previsto nos artigos 214 a 217 da LCSP.

## **TÍTULO VIII. NORMAS ESPECIAIS PARA CONTRATOS DE OBRAS, SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS**

### **CAPÍTULO I. Contrato de obras**

#### **Artigo 53.- Réxime aplicable ao contrato de obras**

Nos pregos dos contratos de obras estableceranse regras análogas ás recollidas na LCSP en canto á comprobación da reformulación (237 LCSP); execución das obras e responsabilidade do contratista (artigo 238LCSP); forza maior (artigo 239 LCSP); certificacións e aboamentos a conta (240 LCSP), sen prexuízo da posibilidade de establecer o sistema de retribución a tanto alzado aplicando o réxime do artigo 241 da LCSP; modificación do contrato de obras (242 LCSP), sendo competente o órgano de contratación para acordar o establecido no apartado 4 do precepto; recepción e prazo de garantía (243 LCSP); responsabilidade por vicios ocultos (244 LCSP); causas de resolución e efectos (245 e 246 LCSP).

Por imperativo do artigo 319 da LCSP serán en todo caso de aplicación as condicións de pagamento previstas no apartado 1 do artigo 243.

### **CAPÍTULO II. Contrato de subministración**

#### **Artigo 54.-Réxime aplicable ao contrato de subministración**

Nos pregos dos contratos de subministración procurarase o establecemento de regras análogas ás recollidas na LCSP nos artigos 298 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas, que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve o poder adxudicador nos pregos e no contrato.



### CAPÍTULO III. Contrato de servizos


#### Artigo 55.-Réxime aplicable ao contrato de servizos

Nos pregos dos contratos de servizos procurarase o establecemento de regras análogas ás recollidas na LCSP nos artigos 308 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas, que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve o poder adxudicador nos pregos e no contrato.

En particular, estableceranse un réxime contratual e cláusulas de salvagarda tendentes a evitar que á extinción dos contratos de servizos se produza a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da entidade contratante.

De conformidade co artigo 320 da LCSP nos contratos de servizos consistentes na elaboración íntegra dun proxecto de obra, esixirase a responsabilidade do contratista por defectos ou erros do proxecto, de conformidade co disposto no artigo 314 da LCSP.

CIF: G 32275427 Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego nº 2000/26



Fundación Centro Tecnolóxico da Carne  
Avda. Galicia, 4. Parque Tecnolóxico de Galicia. San Cibrao das Viñas. 32900 Ourense  
T: 988 548 277 • F: 988 548 276 www.ceteca.net • info@ceteca.net